<ul style="list-style-type: none"> - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
9	O aproveitamento responsable das augas do planeta. (Correspóndese coa UD nº 4 do libro de texto)	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que nos enfrontamos así como formular unha solución sempre tendo en mente os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade	TI	60
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
10	A relación entre as paisaxes da Terra e as persoas. (Correspóndese coa UD nº 5 do libro de texto)	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que nos enfrontamos así como formular unha solución sempre tendo en mente os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	PE	30
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar esquemas e táboas informativas		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
11	Un estudo xeográfico: o medio físico dos continentes. (Correspóndese coa UD nº 6 do libro de texto)	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representar adecuadamente información xeográfica	PE	40
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar esquemas e táboas informativas relativas a procesos relevantes do presente	TI	60
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
12	Coñecer a nosa contorna para conservar o seu medio natural. (Correspóndese coa UD nº 7 do libro de texto)	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar esquemas e táboas informativas relativas a procesos elevantes do presente	TI	100
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Algunhas estratexias que seguiremos pois axudan a que o ensino da historia e a xeografía resulte máis eficaz son:

- Establecer relacións entre o coñecemento histórico e xeográfico e a realidade cotiá, de forma que resulte útil para formular e resolver problemas que preocupan a sociedade e o alumnado.
- Ter en conta os intereses e preocupacións do alumnado para que actúe motivado e se comprometa de forma persoal coa aprendizaxe.
- Utilizar o coñecemento histórico e xeográfico para cuestionar ideas comunmente aceptadas e desvelar aspectos non evidentes da realidade, de forma que se converta nun coñecemento emancipador que promova a autonomía persoal do alumnado. Inducilo a que revise, matice e perfeccione os seus puntos de vista á luz do coñecemento que manexa na aula.
- Dar acceso a unha gran variedade de información para que se fagan visibles os discursos dos grupos hexemónicos e dos excluídos, das maiorías e das minorías, dos homes e das mulleres, dos adultos e da mocidade; deste xeito, o alumnado poderá comprender as diferentes perspectivas e intereses presentes na sociedade e formar o seu propio

criterio fundado en argumentos.

- Estimular o alumnado para que aplique nocións e conceptos históricos e xeográficos a contextos concretos (incluído o contexto máis próximo), de tal xeito que sinta a necesidade de adaptalos e reelaboralos para dar conta de diferentes realidades sociais e históricas.

- Manexar informacións de diferentes tipos (textos escritos, imaxes, datos estatísticos, mapas) para que o alumnado obteña información e elabore textos breves a partir delas.

- Promover a necesidade de buscar outras informacións en fontes diferentes do libro de texto ou dos materiais da clase (incluídas as TIC), que complementen ou amplíen a información que proporciona o profesorado.

- Promover unha actitude crítica ante informacións procedentes de distintas fontes: prensa, televisión, obras bibliográficas, etc.

- Promover o papel activo do alumnado de forma que participe, exprese opinións, faga presentacións orais e escritas, etc, contemplando sempre unha preocupación polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información histórica e xeográfica.

- Crear situacións de ensinanza que permitan a todas e todos os estudantes compartir e colaborar na planificación, realización e presentación dos resultados dun informe ou proxecto.

- Diseñar actividades que resulten atractivas para estudantes con intereses, motivacións e capacidades diversas, e que contribúan a reducir as desigualdades de partida que existen entre eles.

Dentro da concepción integral da educación, establécese unha relación interdisciplinaria con outras materias do currículo, especialmente con aquelas que cursa o noso alumnado: Ciencias Naturais, Lingua e Literatura, Lingua Estranxeira, Cultura Clásica, Ética, Filosofía, Valores. Esta relación plásmase na interrelación de contidos, procedementos, instrumentos, a organización de actividades conxuntas e incluso o deseño de traballo por proxectos, cunha vontade de optimización de recursos e do tempo do alumnado e da consecución de coñecementos integrais.

Ademais, teremos que estar en continua relación co Departamento de Orientación, pois é o encargado de asesorarnos na atención ás necesidades educativas específicas. Partirase da competencia inicial do alumnado e teranse en conta a diversidade respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.

A metodoloxía aplicada para a docencia desta materia terá conxugará as explicación teóricas de cada UD por parte da/o docente con achegamento de recursos audiovisuais relacionados (proxeccións dixitais con canón de vídeo, documentais, películas de ficción, fotografías antigas, mostras artísticas, música...), a miúdo cunha función motivadora. Durante a propia explicación interpelarase o alumnado para responder preguntas e resolver problemas. A continuación da explicación, o alumnado desenvolverá, ás veces de xeito individual e ás veces de maneira cooperativa por grupos ou parellas, distintas técnicas de análise e desenvolvemento de xeito oral e escrito, lectura e comprensión de textos, debate... A/o docente será guía e facilitador da aprendizaxe, mediador/a entre os contidos susceptibles de ser aprendidos e o alumnado. En cada tipo de actividades, como no tipo de agrupamento ou recursos utilizados á hora de traballar na aula, favorecerase un determinado tipo de implicación do alumnado, de interacción e, por suposto, de aprendizaxe, incluíndo a nesaria memorización comprensiva. As novas tecnoloxías tamén terán presenza no traballo práctico do alumnado, valorándose positivamente a busca de información por estes medios e a entrega do resultado do seu traballo.

Incidirase particularmente nos procedementos propios das disciplinas de Historia e Xeografía, tales como interpretación, análise e comentario de gráficas, mapas, táboas de datos, documentos escritos e obras de arte (e a relación co seu contexto) e elaboración de sínteses integrando información de distinto tipo, elaboración de cadros conceptuais, eixos cronolóxicos e esquemas, identificación de relacións causa-efecto, indagación e pequenas investigación sobre documentos, textos, prensa, estudo de casos (proxectos)... Todo isto permitiranos traballar á vez contidos, valores e actitudes (especialmente na organización de traballos en grupo, realización de pequenas investigacións, preparación de debates, visitas a museos ou exposicións...).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula virtual do centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado

Novelas históricas, novelas gráficas, cómics

Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar. O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica. O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual. Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	12	12	10	5	5	10	10	6
Proba escrita	60	60	60	30	0	30	40	30	40	30
Táboa de indicadores	40	40	40	70	100	70	60	70	60	70

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	100
Proba escrita	40	0	37
Táboa de indicadores	60	100	63

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Ademais, por faltas ou mala presentación, poderase descontar ata 1 punto como máximo da nota. En cada avaliación realizaranse, en xeral, dúas probas escritas que farán media entre elas. Para considerarse aprobada a media destas probas deberase alcanzar un mínimo dun 3 sobre 7. De non poder asistir á proba escrita, o alumnado deberá presentar un xustificante oficial para poder facer a devandita proba noutro día.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 70)+ (Media rúbricas T.I.x30)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

A nota final do curso será o resultado da media entre as notas das distintas avaliacións, tanto das aprobadas como das que non fosen superadas. A materia darase por aprobada se acadada un 5 ou máis de media. Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Farase unha proba final de recuperación dos contidos traballados ao longo do curso que se cualificará nunha escala de 1 a 10. Esta proba de recuperación achegará o 100% da nota. De non aprobala, a materia quedará pendente para o próximo curso. (Plan de Pendentes)

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este plan presenta dous modos de superar a materia:

- 1.- Realizando as pertinentes probas parciais no calendario que fixe a dirección do centro de acordo coa normativa en vigor. De non superar as probas parciais terá que ir á final.
- 2.- Entregando un traballo trimestral co que poderá acadar unha nota máxima dun 5. De non acadar o nivel necesario ou non presentalo en prazo, deberá ir necesariamente ás probas escritas. Ademais para poder alcanzar máis nota do 5 terá que presentarse necesariamente aos exames xa mencionados.

6. Medidas de atención á diversidade

Na nosa práctica docente contéplase a atención á diversidade, establecendo unha serie de actividades e accións educativas que se adaptes e atendan as necesidades educativas específicas, tanto para alumnado con sobredotación ou que mostran un interese especial (actividades de ampliación), como estranxeiro (por exemplo, actividades de empatía e autoestima para o alumnado estranxeiro a través da incorporación de referentes propios da súa cultura) e alumnado con necesidades educativas especiais (por exemplo, adecuada ubicación na aula para alumnado con problemas visuais ou auditivos, maior tempo para realizar probas no caso de alumnado con dislexia ou fichas de reforzo con distinto nivel de dificultade para alumnado con dificultades conceptuais, procedimentais, lingüísticas ou de comprensión). As actividades propostas gradúanse en diferentes niveis de dificultade e son variadas tanto nos recursos, os procedementos e os agrupamentos, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Adaptaremos o noso ensino a todos e cada un das nosas alumnas e alumnos, incluíndoos dentro da actividade ordinaria do grupo, pero á vez prestándolles directa ou indirectamente atención máis individualizada a aqueles que o necesiten.

Cómpre ter en conta unha serie de actividades de reforzo para alumnas e alumnos que teñan ritmos de aprendizaxe máis lentos, ou ben para alumnado estranxeiro ou alumnado con necesidades educativas especiais. Aquí terá boa cabida a elaboración de esquemas ou de fichas, ou a realización de traballos guiados polo profesorado en algunha cuestión na que o alumnado teña especial dificultade

As actividades de ampliación, aínda que non son imprescindibles no proceso, permitirán continuar traballando contidos, especialmente a alumnas/os que realizaran satisfactoriamente as actividades de desenvolvemento propostas, que teñan certas habilidades e intereses ou alumnado con sobredotación intelectual. Consistirán en pequenos traballos de investigación, busca e consulta en internet de aspectos relacionados co tema abordado, lectura de libros ou visionado de películas, algún tema de actualidade con seguimento a través da prensa, algún tema concreto relacionado directamente co seu contorno ou recollida de fontes orais.

Cando estas medidas xerais non fosen suficientes para atender as distintas necesidades educativas, podemos acudir a medidas extraordinarias de atención á diversidade que contempla o noso sistema educativo.

Pódense establecer agrupamentos flexibles dentro do grupo de maneira que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas, se poidan propoñer actividades de reforzo ou afondamento segundo as necesidades de cada grupo e se adapte o ritmo de introdución de novos contidos. No caso dos desdobres aténdese así mellor o alumnado en desvantaxe dende o punto de vista educativo (alumnado con dificultades continuadas no seu proceso de aprendizaxe, debido a diversas cuestións, como déficit na aprendizaxe lecto-escritor e nas súas aptitudes verbais, déficit na incorporación ó ritmo de traballo ordinario e ás esixencias da materia, déficit nas competencias básicas, desorganización no seu material e no tratamento das tarefas, débil atención, baixa autoestima e motivación, ausencia de hábitos de traballo, etc).

As ACI lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante ó alumnado con necesidades educativas especiais, podendo ser ACIs pouco significativas (afectan a a metodoloxía, tipo de actividades, os instrumentos e as técnicas de avaliación) ou significativas (elimínanse contidos esenciais ou nucleares e/ou obxectivos coa conseguinte modificación dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe). Na liña de acadar os obxectivos xerais de etapa de acordo coas súas posibilidades, a ACI estará precedida dunha avaliación das necesidades especiais do alumno e dunha proposta curricular específica. O alumnado será atendido no seu contexto habitual e coa colaboración do departamento de Orientación e especialistas de apoio, etc.

En todos estas situacións é de importancia a coordinación entre o profesorado de cara a optimizar tempos e medidas.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo

profesorado titor elaborou un plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado repetidor que non superou a materia de Xeografía e Historia o curso pasado, para tratar de superar as dificultades detectadas, e no que se inclúen os seguintes puntos:

1- Necesidades educativas que motivaron a repetición do curso:

Dificultades nos procesos de atención.

Dificultades no proceso lectoescritor.

Dificultades nos procesos de razoamento.

Falta de rutinas e hábitos de traballo e estudo.

Falta de motivación e interese.

2- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior:

Exención segunda lingua estranxeira.

Reforzo ou apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria durante unha sesión semanal.

3- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento:

Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

Captar a atención inicial.

Segmentar actividades grandes en pequenas.

Secuenciación de tarefas en pequenos pasos.

Supervisión frecuente.

Reforzo positivo.

Reforzos e apoios visuais.

Combinación de actividades (motivadoras/ menos atractivas; sinxelas/ complexas)

Traballo colaborativo.

Traballo individual.

Asegurar comprensión.

Apoio entre iguais.

Proxectar expectativas de éxito.

4- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan:

Libro de texto. Aula virtual. Atlas, mapas e webs divulgativas especializadas na materia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								X
ET.2 - Educación ambiental						X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X			
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible						X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X			
ET.8 - Educación para o consumidor								X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X			
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade				
ET.4 - Emprendemento		X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X		

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla de especialistas en Historia, Xeografía ou Arte	Charlas dalgún especialista na materia.			X
Visita a exposicións, museos ou galerías de arte.	Ir a ver algunha exposición relativa ao que se estea dando en clase.	X		
Visita ao Lugo histórico.	Excursión á cidade de Lugo.		X	
Asistencia a unha película ou obra teatral.	Disfrutar dalgunha película con temática histórica.		X	
Visita a algún xacemento arqueolóxico.	Achrgarse a algún xacemento arqueolóxico da contorna.	X		
Visionado de films ou documentais para o seu aproveitamento didáctico.	Posibilidade de creación dun Cineclub.			X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado. Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos foron claros
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados
Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e valía
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
As actividades foron variadas e motivadoras

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
É motivador/a
Valora o esforzo
Outros
Mostra coñecemento da materia
Valoración xeral da materia
Os contidos e actividades relacionáanse cos intereses do alumnado

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para

poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados